

## Cancelación de actividade



**De** casaxt <casaxt@santiagodecompostela.gal>  
**Destinatario** somos@mulleres.gal <somos@mulleres.gal>  
**Fecha** 2022-11-02 15:24

Bos días,

Tal e como falamos por teléfono, como equipo técnico da Casa informámosvos que nos vemos na obriga de cancelar a actividade prevista para o día 12 de novembro de 2022 neste espazo dirixida á presentación do libro “Delirio y misoginia trans” de Alicia Miyares.

A Casa Xohana Torres busca ser un espazo seguro, e todas as actividades que se organicen deben cumprir cunha serie de principios e liñas de actuación (que así veñen recollidos na propia páxina web da Casa Xohana Torres):

- Fomentar a participación e o asociacionismo das mulleres e persoas do colectivo LGTBIQA+ en todos os ámbitos da vida cotiá.
- Favorecer a formación, sensibilización e información ao redor da igualdade e os feminismos.
- Favorecer a innovación, a cultura e a articulación de novos enfoques en materia de igualdade.
- Favorecer a convivencia a tecer relacións duradeiras de confianza e colaboración entre mulleres e persoas do colectivo LGTBIQA+.
- Impulsar o intercambio de saberes entre mulleres e a creación de sinerxías feministas.
- Contribuír ao deseño e ao desenvolvemento das políticas públicas, programas e proxectos transformadores de igualdade.

Neste sentido, dende o equipo técnico que coordinamos o funcionamento da Casa valoramos que o contido e o discurso que se promovería con esta actividade incumpriríase cos seus principios ao inferir un agravio cara o colectivo LGTBIQA+, en especial cara as persoas non binarias e trans. Ademais, a celebración desta actividade podería xerar malestar e desconformidade entre persoas, colectivos e entidades que son usuarias da Casa Xohana Torres, o que dende o equipo técnico valoramos contraproducente para facer deste lugar un espazo seguro para todas as persoas.

En calquera caso, e sen problema, podemos falar co Concello para facilitarvos a procura dun espazo máis axeitado para a realización da presentación.

Rogamos desculpedes as molestias ocasionadas.

Recíbide un cordial saúdo.